

Unha nova colección irrompe no panorama literario galego para que o lector mozo poida ter a oportunidade de apreciar unha forma de arte visual na que a imaxe e o texto, intimamente relacionados, son quen de transportar o receptor a mundos nos que rexen coordenadas verbais, icónicas e secuenciais cáseque ao mesmo nivel.

O achado dun óso no xardín marca o inicio da aventura que Xinfu e Wini van protagonizar. A araña robótica, Belfo, Ghelfo, o malvado Lord Weiler, Chimpitulk e o meigo Bludi son algúns dos personaxes que acompañan os cans no seu percorrido máxico pola tribo dos Guauchuky.

Mediante un conxuro de maxia canina o meigo Bludi consegue separar un óso en anacos para que perda o seu poder maléfico. O que sucederá logo con cada parte implica os protagonistas deste cómic que asina Adrián Morgade e no que o pontevedrés ofrece liberdade e rapidez á hora de levar a cabo un proxecto de animación coma es-


# Sinxela e desenfadada

## Reiventando o mundo canino

MARÍA NAVARRO

te que semella recibir influencias do mundo dos videoxogos e/ou do cómic manga xaponés seguindo as tendencias desta forma de contar na que se manifesta un escrupuloso respecto polas convencións gráficas como as liñas cinéticas e as metáforas visuais baseadas no trazo regular.

Ademais, o texto, sinxelo e desenfadado, implementa a proposta plástica e diríase que a fai funcionar guiándoa polos vieiros da reinvención do mundo canino que amosan a versatilidade do cómic: isto é, permitindo distintas posibilidades de agrupación e reafirmando o carácter voluble e incons-



tante das imaxes que mudan continuamente, o que constitúe un atractivo engadido, facendo que as secuencias gráficas sexan tamén interesantes dende o punto de vista narrativo.

A combinación de texto e de imaxe, por outra parte, consegue captar o interese polo contido, xa que a historia en si, irreal na súa concepción, convértese nunha fantasía na que os sentidos xogan un papel importante: trátase así dunha irrealidade con efecto real porque a propia imaxe transmite a súa existencia. Xinfu e Wini son cans que dende o comezo viven nun universo paralelo que podemos presentir, non obstante, como moi achegado ao noso, e dende aquí lanzan as súas mensaxes ao público sobre a propiedade, arredor da existencia do ben o do mal e respecto do sentido da xustiza que fai especialmente rendible a proposta.

*MORGADE, Adrián, Xinfu na maldición Guauchuky, Ed. Xerais, Vigo, 2017, PVP. 12 €*